



**Memoria Proxecto de Grado en  
Ciencia Política e Xestión Pública**

**Facultade de CC. Políticas e  
Sociais**

**Universidade de Santiago de  
Compostela**

# 1 DESCRIPCIÓN DO TÍTULO

## 1.1 . Denominación

### 1.1.1 *Nome do título*

Graduado ou graduada en Ciencia Política e Xestión Pública pola USC  
(Universidade de Santiago de Compostela)

### 1.1.2 *Rama*

Ciencias Sociais e Xurídicas

### 1.1.3 *Código UNESCO de clasificación de títulos: 31 (Social and behavioural science)*

## 1.2 . Universidade solicitante, e centro responsable das ensinanzas conducentes ao título, ou no seu caso, departamento ou instituto

Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Ciencias políticas e sociais

## 1.3 . Tipo de ensinanza de que se trata

Presenciais

## 1.4 . Número de prazas de novo ingreso ofertadas (estimación para os primeiros catro anos)

100 cada ano

**1.5 . Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e período lectivo e, no seu caso, normas de permanencia**

Sesenta créditos

**1.6 . Resto de información necesaria para a exposición do Suplemento Europeo ao Título de acordo coa normativa vixente**

A cubrir pola universidade.

## **2. XUSTIFICACIÓN**

### **2.1. Xustificación do título proposto, argumentando o interese académico, científico ou profesional do mesmo**

O Labor da ciencia política céntrase na acumulación, circulación e discusión do coñecemento especializado relativo á teoría, a práctica e as institucións das sociedades, así mesmo atende aos requirimentos actuais da cultura, das identidades e da gobernabilidade. O exercicio profesional oríentase para diversos ámbitos e actividades:

- dar conta de obxectivos de mellora da calidade das democracias contemporáneas, fornecendo argumentos, hipóteses e investigacións dispoñibles a tal efecto.
- reforzar o exercicio da cidadanía nas súas diferentes dimensións, aportando instrumentos, métodos e técnicas de análise na investigación dos fenómenos políticos dos sistemas de goberno, das administracións e do deseño e avaliación das políticas públicas.
- desenvolver un abano de destrezas profesionais, respecto aos procesos de reforma do estado e da administración pública, así como as novas modalidades de xestión pública.
- reforzar un achegamento científico e rigoroso á interpretación da realidade política actual nas súas diferentes dimensións, e aportar materiais para a xeración de cambios que configuren novos escenarios e que xeren dende a innovación novos retos profesionais.

### **2.2. Referentes externos á universidade proponente que avalen a adecuación da proposta a criterios nacionais ou internacionais para títulos de similares características académicas.**

- O Libro Blanco: Título de Grado Ciencias políticas y de la Administración, Sociología y Gestión y Administración Pública. Aneca.

- European Political Science Network, EPSN.

**2.3. Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos. Estes poden ter sido con profesionais, estudantes ou outros colectivos.**

A elaboración do plan de estudos tomou como referencia o libro branco, para o que foron consultados os colectivos profesionais, os profesores de ciencia política e de xestión pública, e mesmo licenciados de toda España mediante unha enquisa sobre inserción laboral e perfís profesionais, tal e como consta no anexo 10 do devandito libro branco. Nesta enquisa se constatou a importancia do espazo profesional relacionado coas áreas de políticas públicas e xestión pública para a inserción laboral dos licenciados de ciencias políticas.

Así mesmo, a comisión da facultade de Ciencias Políticas, nomeada polo rector e composta por membros de diversas áreas representadas na Xunta de Facultade, propuxo por unanimidade un borrador de anteprojecto do devandito plan de estudos.

Finalmente, estudantes, profesores da facultade e mesmo membros da comunidade universitaria non pertencentes á mesma, presentaron alegacións ao documento.

### 3. OBXECTIVOS

**3.1. Especificar os obxectivos xerais do título e as competencias que adquirirá o estudante tras completar o período formativo. As competencias propostas deben ser avaliáveis e coherentes coas establecidas para títulos de Graduado.**

O título de Graduado en Ciencia Política e Xestión Pública pola USC ten en conta:

- o contexto da Unión Europea e o sistema político español das autonomías
- os estudos contemporáneos de Ciencia Política e de Administración, así como de xestión e de Administración Pública
- as novas demandas profesionais do mercado laboral detectadas polos colexios profesionais, as asociacións profesionais e a enquisa de inserción laboral, co obxectivo de facilitar a inserción dos egresados
- a mobilidade de estudantes e profesores entre universidades e centros de investigación españois e europeos
- as especificidades das institucións, o sistema político e a sociedade galegas

En razón do anterior os obxectivos xerais do título son:

1. Espertar nos estudantes o interese pola aprendizaxe dos conceptos, métodos e técnicas fundamentais da Ciencia Política e da Xestión Pública.
2. Coñecer a natureza e os principais métodos aplicables ao obxecto de estudo das diferentes disciplinas, canda unha perspectiva histórica, da súa xénese e desenvolvemento.
3. Situar as disciplinas da Ciencia Política e da Xestión Pública como parte das Ciencias Sociais.
4. Proporcionar unha formación sólida e autónoma en Ciencia Política e Xestión Pública.
5. Conciliar unha sólida formación en fundamentos das ciencias sociais coas habilidades necesarias para aplicar os coñecementos á práctica profesional.

**Memoria Proxecto de Grado en Ciencia Política e Xestión Pública**  
**Facultade de CC. Políticas e Sociais**  
**Universidade de Santiago de Compostela**

6. Xenerar co estudante capacidade crítica de análise que lle permita avaliar e deseñar alternativas en ámbitos institucionais, de políticas públicas e de xestión nas súas diversas modalidades.
7. Fornecer no estudante a capacidade de aprender con autonomía, formándose criterios propios ante os diferentes problemas e obxectos de estudo.
8. Suscitar nos estudantes un interese ulterior a proseguir a súa formación con carácter permanente e criterio propio.

En virtude destes obxectivos o plan pretende garantir como mínimo as seguintes competencias básicas:

1. Os estudantes deben demostrar, poseer e comprender coñecementos relativos a presupostos teóricos básicos, métodos, técnicas e problemas dos diferentes enfoques e natureza do obxecto de estudo.
2. Os estudantes deben saber aplicar os seus coñecementos de forma profesional mediante a elaboración de argumentos normativos e empíricos e mediante a resolución de problemas nos ámbitos profesionais do sector público, do sector privado e da análise política e internacional.
3. Os estudantes deben poseer a capacidade de manexar bases documentais e de datos ordinarias para o traballo profesional que permitan así mesmo a elaboración de análises e xuízos sólidamente fundamentados e estandarizados no marco internacional da disciplina, que inclúan a reflexión sobre temas relevantes de índole social, política, científica ou ética.
4. O estudante debe acadar a capacidade de identificar y transmitir ideas, problemas e solucións nos diferentes ámbitos da Ciencia Política e da Xestión Pública, os ámbitos da administración, da consultoría, da empresa, da investigación e da opinión pública en xeral; e mesmo manexar as ferramentas técnicas máis recentes que facilitan a transmisión e comprensión deses coñecementos por parte dos cidadáns.
5. Os estudantes deberán acadar as capacidades específicas e estandarizadas que lle permitan proseguir a súa posterior formación de postgrado, doutoramento,, con autonomía, e de integrarse no ámbito profesional da Ciencia Política e da Xestión Pública no nivel europeo.

**Memoria Proxecto de Grado en Ciencia Política e Xestión Pública**  
**Facultade de CC. Políticas e Sociais**  
**Universidade de Santiago de Compostela**

6. Os estudantes deberán acadar aquelas capacidades e os fundamentos que lles permitan desenvolver un ulterior proceso de formación permanente, vencellado á súa actividade profesional.



## 4. ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES

**4.1. Sistemas de información previa á matriculación e procedementos de acollida accesibles e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación á universidade e a titulación. Dentro da información previa que se facilite deben constar as vías e requisitos de acceso ao título, incluíndo o perfil de ingreso recomendado.**

Nota: Toda la información que se menciona en este apartado se proporciona al alumno en los sobres de matrícula y en la página web de la Facultad de Ciencias Políticas y Sociales.

### INFORMACIÓN GENERAL SOBRE LA CIUDAD Y LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

La Universidad de Santiago de Compostela dispone de un dispositivo amplio y estructurado de información a sus nuevos estudiantes que comienza incluso antes de que piensen en serlo. En efecto, la USC ha puesto en marcha el “Programa A Ponte entre o ensino medio e a USC”

(<http://www.usc.es/gl/perfiles/futuros/aponte/index.jsp>).

Como su nombre indica se trata de establecer un puente que facilite el tránsito entre la enseñanza del bachillerato y la de la universidad. Para ello se ha diseñado un amplio programa de orientación e información que, básicamente, coloca al estudiante en óptimas condiciones para conocer la USC y la carrera que quiere cursar. Para ello, numerosos profesores, alumnos y PAS de la USC se desplazan a los distintos centros de bachillerato para informarles sobre lo que ofrece la USC en cuestión de enseñanza, nivelación, becas, residencias, formación complementaria..... Posteriormente, los alumnos se desplazan a las distintas Facultades y Escuelas para conocer todo lo referente a la carrera que pretende cursar (plan de estudios, horas de clase y seminarios, prácticas en empresas, salidas profesionales...). Estas visitas se realizan a principios del tercer trimestre y gozan de una gran acogida. Finalmente, para conseguir calidad en los estudios y procurar que los mejores alumnos se matriculen en esta Universidad, se realiza en el mes de Julio un acto de reconocimiento para los mejores expedientes de bachillerato.

Una vez los estudiantes deciden estudiar en la USC, ésta pone a su disposición todo un dispositivo de información y acogida para facilitar su inscripción, incorporación e integración como estudiante universitario.

- En primer lugar, la USC tiene disponible en su página web ([www.usc.es](http://www.usc.es)) una información muy completa sobre la ciudad de Santiago de Compostela y sobre la Universidad que incluye historia, situación, planos, transporte, residencias, oferta cultural, deportiva, ...:

[http://www.usc.es/gl/info\\_xeral/](http://www.usc.es/gl/info_xeral/)

- Además en la misma página web se puede encontrar información pormenorizada sobre la estructura de la Universidad (Facultades, Escuelas, Departamentos, Institutos...), Servicios a la Comunidad Universitaria (Bibliotecas, Documentación y Archivo, Lenguas Modernas, Traducción, Aulas de Informática, Deportes, Salud, Ayudas y servicios al alumnado, Reclamaciones, Valedor de la Comunidad Universitaria, Oficina de Servicios e Integrados de la Juventud, Voluntariado, Cultura, Tarjeta Universitaria...).
- La universidad dispone además del Centro de Orientación Integral del Estudiante (COIE) (<http://www.usc.es/es/servizos/portadas/coie.jsp>), situado en el Campus Sur (al lado de la Facultad de Ciencias Políticas y Sociales) que reúne y difunde toda la información de interés para los estudiantes de la USC o de estudiantes que piensen serlo (orientación preuniversitaria).

### **VIAS Y REQUISITOS DE ACCESO AL TÍTULO**

De acuerdo con el Art. 14 del R.D. 1393/2007 del 29 de octubre sobre Organización de las Enseñanzas Universitarias Oficiales, para el acceso a las enseñanzas oficiales de Grado requerirá estar en posesión del título de bachiller o equivalente y a la superación de la prueba a que se refiere el Art. 42 de la Ley 6/2001 Orgánica de Universidades, modificada por la Ley 4/2007, de 12 de abril, sin perjuicio de los demás mecanismos de acceso previstos por la normativa vigente, que se citan a continuación:

- Estar en posesión de los títulos académicos o profesionales y pruebas que se recogen en la convocatoria de matrícula que anualmente realiza la USC (ver anexo III de la convocatoria del curso 2007/08):

<http://www.usc.es/sxa/normativa/ficheros/XA0583.PDF>

- Los alumnos procedentes de universidades extranjeras a los que se les

conceda la validación parcial de los estudios que pretende continuar en la USC de acuerdo con los criterios que determine la USC (ver apartado 2.1.2.2 de la convocatoria de matrícula del curso 2007/08):

<http://www.usc.es/sxa/normativa/ficheros/XA0583.PDF>

y Art. 30.2 de las normas de gestión académica:

<http://www.usc.es/estaticos/normativa/pdf/normasxestionacademica.pdf>

### **PERFIL DE ACCESO RECOMENDADO**

Non se esixe ningunha formación previa específica para o ingreso no Grao en Ciencia Política e Xestión Pública. Precisamente un dos atractivos e fortalezas desta titulación é o de estar igualmente aberta a alumnos procedentes das ramas de ciencias ou de humanidades.

Neste orde de cousas os primeiros anos da titulación fornecen de formación complementaria as diferentes traxectorias previas: en estatística aplicada as ciencias sociais aos que veñen de humanidades, e de historia do pensamento e das institucións aos procedentes de ciencias.

Calidades desexables do futuro estudante do Grao de Ciencia Política e Xestión Pública:

- Comprensión e análise de textos
- Boa expresión escrita e oral
- Capacidade de síntese e argumentación
- Habilidade para a resolución de problemas
- Interese pola vida política
- Boa disposición para o traballo en equipo.

#### **4.2. No seu caso, sempre autorizadas pola administración competente, indicar as condicións ou probas de acceso especiais.**

No se contemplan condiciones ni pruebas de acceso especiales.

#### **4.3. Sistemas de apoio e orientación dos estudantes unha vez matriculados.**

### **INFORMACIÓN Y ACOGIDA EN EL CENTRO**

Conscientes de que el estudiante nuevo tiene dificultades para asimilar y moverse en el complejo entramado universitario, el Programa A Ponte, ha diseñado un plan de acogida en cada centro basado en los siguientes puntos:

Una sesión informativa especial a cargo del equipo decanal, el primer día del curso en la que se explicarán los detalles del funcionamiento de la Facultad (aulas de informática, préstamo bibliotecario, salas de estudio, ...) y las orientaciones generales sobre el plan de estudios: normas de permanencia, exámenes, consejos sobre matrícula, convocatorias,... A esta sesión asistirá un representante del equipo rectoral que informará a los nuevos alumnos del funcionamiento de la Universidad en general y sobre todo de sus derechos y deberes.

### **INFORMACIÓN PROMENORIZADA SOBRE LA FACULTAD DE CIENCIAS POLÍTICAS Y SOCIALES, EL PLAN DE ESTUDIOS DE GRADO Y LOS PROGRAMAS DETALLADOS DE LAS ASIGNATURAS.**

En la página web se incluye información pormenorizada sobre la Facultad (Biblioteca, Aulas de Docencia, Aulas de Informática, Departamentos, Profesorado...), Plan de Estudios del Grado de Ciencia Política y Gestión Pública (Estructura, Materias Obligatorias, Materias Optativas, Materias Básicas, Trabajo Fin de Grado, Reconocimiento de Créditos...), Normativa Académica (Junta de Facultad y Comisiones, Reclamaciones, Cambios de Grupo, uso de instalaciones...), Organización Docente del curso (Horarios, Calendario de Exámenes, Grupos...) y Guías Docentes detalladas de todas las materias.

#### **4.4. Transferencia e recoñecemento de créditos: sistema proposto pola universidade de acordo col artigo 13 del Real Decreto 1393/2007**

Será de aplicación el sistema propuesto por la Universidad de Santiago de Compostela en la Normativa sobre Transferencia y Reconocimiento de Créditos para Titulaciones Adaptadas al Espacio Europeo de Educación Superior aprobado por el Consejo de Gobierno.

**Memoria Proxecto de Grado en Ciencia Política e Xestión Pública**  
**Facultade de CC. Políticas e Sociais**  
**Universidade de Santiago de Compostela**

UNIDAD RESPONSABLE: Vicerrectorado de Oferta Docente y EEES.

(Ver página web o anexo)

## 5. PLANIFICACIÓN DAS ENSINANZAS

### 5.1. Estrutura das ensinanzas, incluíndo a seguinte información:

#### 5.1.1. Distribución do plan de estudos en créditos ECTS, por tipo de materia

TIPO DE MATERIA	NOME DA MATERIA	CURSO	CUADRIMESTR E	CRÉDITOS
<b>Formación Básica</b>	Economía Política (I): Metodoloxía e Mercados	1º	1º	6
	Ciencia Política: Actores	1º	1º	6
	Socioloxía	1º	1º	6
	Métodos en Ciencia Política	1º	1º	6
	Introducción á Estatística para as Ciencias Sociais (I)	1º	2º	6
	Administración Pública	1º	2º	6
	Dereito Administrativo	1º	2º	6
	Política Internacional	1º	2º	6
	Historia do Pensamento e das Institucións Políticas	1º	1º	6
	Sistema Político Español	2º	1º	6
	<b>Total: 60</b>			
<b>Obrigatorias</b>	Economía Política (II): Intervención Pública na Economía	2º	1º	6
	Facenda Pública	2º	2º	6
	Ciencia Política: Institucións	1º	2º	6
	Sistema Político Galego	2º	2º	6
	Sistema Político Europeo	3º	1º	6
	Políticas Públicas da UE	3º	2º	
	Xestión Pública	3º	2º	6
	Políticas Públicas	2º	1º	6
	Análise Estratéxica e Toma de Decisións	2º	2º	6
	Política Comparada	2º	2º	6
	Política e Comunicación	2º	1º	6
	Estatística para as Ciencias Sociais (II)	2º	1º	6
	Técnicas Cuantitativas de Investigación	3º	1º	6

**Memoria Proxecto de Grado en Ciencia Política e Xestión Pública**  
**Facultade de CC. Políticas e Sociais**  
**Universidade de Santiago de Compostela**

	Técnicas Cualitativas de Investigación	2º	2º	6
	<b>Total: 84</b>			
<b>Optativas</b>	Política Exterior de España	3º ou 4º	-	4,5
	Relacións Internacionais	3º ou 4º	-	4,5
	Elección Pública	3º ou 4º	-	4,5
	Métodos Avanzados de Investigación Social	3º ou 4º	-	4,5
	Estructura Social	3º ou 4º	-	4,5
	Opinión Pública	3º ou 4º	-	4,5
	Partidos e Sistemas de Partidos	3º ou 4º	-	4,5
	Teoría Política	3º ou 4º	-	4,5
	Mercadotecnia Política	3º ou 4º	-	4,5
	Análise Electoral	3º ou 4º	-	4,5
	Políticas Públicas Sectoriais	3º ou 4º	-	4,5
	Xestión de Recursos Humanos	3º ou 4º	-	4,5
	Marketing de Xestión	3º ou 4º	-	4,5
	Control de Xestión	3º ou 4º	-	4,5
	Goberno Local	3º ou 4º	-	4,5
Xestión da Información	3º ou 4º	-	4,5	
	<b>Total: 72 (Dos que o alumno debe cursar 36)</b>			
<b>Prácticas Externas (carácter obrigatorio)</b>	<b>30</b>	<b>(*)</b>		
<b>Traballo fin de grao (carácter obrigatorio)</b>	<b>30</b>			
<b>Total Oferta</b>	<b>276</b>			

(\*) No caso de que a oferta de prácticas sexa insuficiente, a Comisión de Docencia da Facultade asignará os créditos a cursar por alumno. (Ver Convenios de practicas da Facultade de CC. Políticas e Sociais).

Tabla das materias ordeada por curso, carácter e nome de materia

NOME DA MATERIA	CARACTER	CURSO	CUADRIMESTRE	CRÉDITOS
Administración Pública	FB	1º	2º	6
Ciencia Política: Actores	FB	1º	1º	6
Dereito Administrativo	FB	1º	2º	6
Economía Política (I): Metodoloxía e Mercados	FB	1º	1º	6
Historia do Pensamento e das Institucións Políticas	FB	1º	1º	6

**Memoria Proxecto de Grado en Ciencia Política e Xestión Pública**  
**Facultade de CC. Políticas e Sociais**  
**Universidade de Santiago de Compostela**

Introducción á Estatística para as Ciencias Sociais (I)	FB	1º	2º	6
Métodos en Ciencia Política	FB	1º	1º	6
Política Internacional	FB	1º	2º	6
Socioloxía	FB	1º	1º	6
Ciencia Política: Institucións	OB	1º	2º	6
Sistema Político Español	FB	2º	1º	6
Análise Estratéxica e Toma de Decisións	OB	2º	2º	6
Economía Política (II): Intervención Pública na Economía	OB	2º	1º	6
Estatística para as Ciencias Sociais (II)	OB	2º	1º	6
Facenda Pública	OB	2º	2º	6
Política Comparada	OB	2º	2º	6
Política e Comunicación	OB	2º	1º	6
Políticas Públicas	OB	2º	1º	6
Sistema Político Galego	OB	2º	2º	6
Técnicas Cualitativas de Investigación	OB	2º	2º	6
Políticas Públicas da UE	OB	3º	2º	
Sistema Político Europeo	OB	3º	1º	6
Técnicas Cuantitativas de Investigación	OB	3º	1º	6
Xestión Pública	OB	3º	2º	6
Análise Electoral	OP	3º ou 4º	-	4,5
Control de Xestión	OP	3º ou 4º	-	4,5
Elección Pública	OP	3º ou 4º	-	4,5
Estructura Social	OP	3º ou 4º	-	4,5
Goberno Local	OP	3º ou 4º	-	4,5
Marketing de Xestión	OP	3º ou 4º	-	4,5
Mercadotecnia Política	OP	3º ou 4º	-	4,5
Métodos Avanzados de Investigación Social	OP	3º ou 4º	-	4,5
Opinión Pública	OP	3º ou 4º	-	4,5
Partidos e Sistemas de Partidos	OP	3º ou 4º	-	4,5
Política Exterior de España	OP	3º ou 4º	-	4,5
Políticas Públicas Sectoriais	OP	3º ou 4º	-	4,5
Relacións Internacionais	OP	3º ou 4º	-	4,5
Teoría Política	OP	3º ou 4º	-	4,5
Xestión da Información	OP	3º ou 4º	-	4,5
Xestión de Recursos Humanos	OP	3º ou 4º	-	4,5
PRACTICAS	OB	4º	anual	30



**Memoria Proxecto de Grado en Ciencia Política e Xestión Pública**  
**Facultade de CC. Políticas e Sociais**  
**Universidade de Santiago de Compostela**

EXTERNAS				
TRABALLO F.GRADO	OB	4º	anual	30

5.1.2. *Descrición dos módulos ou materias*

<b>DENOMINACIÓN DA MATERIA:</b> Economía Política I
<b>CRÉDITOS:</b> 6
<b>COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:</b>  Coñecer os fundamentos da economía.  Comprender o funcionamento e a reprodución dunha economía nacional a partires da análise de produción de bens e servizos e da distribución da produción e da riqueza xerada.  Comprender o funcionamento do sistema de produción capitalista, do mercado e da estratexia das empresas ante o mercado.  Comprender como se financia a actividade económica e o papel do diñeiro e das institucións financieras.  Comprender o contido da política económica e as actuacións do sector público en termos de ingresos e dos gastos, recollidas no orzamento.
<b>BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:</b>  A actividade económica. Elementos do proceso de produción e distribución. Producción, consumo, acumulación e crecemento. O intercambio. O sistema de prezos. A cuantificación da actividade económica.  O sistema de produción capitalista.  Os mecanbismos básicos do mercado (oferta, demanda, prezos, elasticidad). O funcionamento dos mercados. Vantaxes e inconvenientes do sistema de libre mercado.  O financiamento da economía. O diñeiro. A regulación dos sistemas monetarios.  O papel dos gobernos na economía: xustificación da súa intervención (razóns macroeconómicas e microeconómicas) e os seus erros.  A globalización da economía. O sistema monetaria internacional. A interdependencia e coordinación da economía mundial.
<b>ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA</b>

**METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	HORAS
Clases de pizarra	30	Estudo individual do alumno	50
Seminarios	10	Preparación de traballos e exposicións en grupo	25
Traballo Tutelados	5	Realización de traballos individuais	25
Titorías	2	Outras tarefas	
Tarefas relacionadas co obxecto de estudio	3		
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>		<b>100</b>

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓNS DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

O sistema xenérico de avaliación é a celebración dun exame nas datas establecidas na programación oficial.

Pola especificidade na materia aplicada, e consonte a metodoloxía empregada, establecerase un sistema de seguimento de aprendizaxe dos alumnos mediante a súa participación nas clases, respostas ás preguntas realizadas ou resolución de problemas que se formulen, aspectos que serán considerados na avaliación final.

Así mesmo, terase en conta a asistencia ás clases teóricas e prácticas como un elemento de valoración.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA:** Ciencia Política: Actores

**CRÉDITOS:** 6

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

Comprensión e asimilación de conceptos e nocións básicas da análise política; das principais teorías e enfoques que fundamentan o coñecemento científico da disciplina. O estudante debe coñecer a natureza do obxecto de estudo, os métodos e problemas dos diferentes enfoques. Debe ser quen de aplicar os seus coñecementos á interpretación da actualidade política, así como mostrar a súa capacidade para construír un marco de interpretación e análise dos fenómenos políticos actuais. Debe ter a capacidade de identificar as fontes documentais fundamentais na disciplina, así como recoñecer e utilizar teorías, paradigmas, conceptos e principios que lle son propios.

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

Acción social e acción política

Cultura e participación políticas

Comportamento electoral

Acción colectiva, movementos sociais e grupos de interese

Partidos e sistema de partido

Liderado político

Medios de comunicación

Marketing político

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	HORAS
Clases de pizarra	30	Estudo individual do alumno	50
Seminarios	6	Preparación de traballos e exposicións en grupo	25
Traballos Tutelados	6	Realización de traballos individuais	25
Titorías	5	Outras tarefas	
Tarefas relacionadas co obxecto de estudio	3		
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>		<b>100</b>

Participación na aula (1,2 créditos ECTS equivalente a 30 horas).

Traballos tutelados polo profesor ( 0,24 créditos ECTS, 6 horas)

Traballo en seminario mediante exposición e participación dos estudantes (0,24 créditos ECTS, 6 horas)

Tarefas relacionadas co coñecemento directo do obxecto estudado. Baixo este epígrafe incluíránse: visitas ao Parlamento, entrevistas a actores políticos, recollida de información en movementos, partidos e asociación socio-políticas diversas...

Estas catro actividades implican unha metodoloxía de ensinanza que combina: as tradicionais leccións maxistras, a través das cais procúrase que o alumno adquira as competencias relacionadas coa adquisición de coñecementos teóricos básicos coa participación do propio alumno en seminarios que lle permiten adquirir destrezas referentes á utilización de teorías, paradigmas e conceptos e mesmo a súa argumentación. A realización de traballos tutelados permitirá ao estudante identificar e coñecer as bases documentais fundamentais da disciplina, así como adquirir destrezas de argumentación e comunicación consideradas básicas neste plan de estudos.

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓNS DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

O sistema de avaliación inclúe un exame da disciplina que se corresponderá cos fixados pola universidade sobre a materia impartida na aula e unha avaliación específica do traballo tutelado, o seminario e as actividades propostas no curso, que terá a forma que o profesor da asignatura determine

**DENOMINACIÓN DA MATERIA: Socioloxía**

**CRÉDITOS: 6**

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

O principal obxectivo é a aprendizaxe do sistema de conceptos fundamentais e básicos da Socioloxía e a familiarización cos mesmos. Trátase de proporcionar ao alumno as ferramentas e elementos esenciais que lles faciliten a análise da sociedade.

A materia pretende estimular a reflexión persoal sobre os fundamentos dunha disciplina de indudables aplicacións prácticas e cuia aprendizaxe precisa importantes doses de curiosidade e imaxinación respecto aos fenómenos sociais, así coma un esforzo por adoptar criterios científicos para lograr alcanzar un coñecemento racional e obxectivo. Así mesmo preténdese proporcionar ao estudante unha visión xeral dos puntos centrais da disciplina, así como o enfoque dos distintos marcos teóricos e a metodoloxía de investigación. Promover que o alumnado adquira a perspectiva sociolóxica necesaria para profundizar no coñecemento e a práctica da disciplina no contexto das Ciencias Sociais. Explicar o papel do individuo na vida social e comprender os elementos centrais da estrutura social.

Promover a análise crítico no coñecemento dos marcos teóricos e metodolóxicos dende onde se elaboran as despostas ás preguntas fundamentais da Socioloxía. Desenvolver a capacidade de traballo individual, aprendendo a analizar información, identificar as ideas máis importantes e expresalas sintéticamente de forma oral e escrita. Desenvolver a capacidade de traballo en equipo, aprendendo a distribuir tarefas, negociar a aportación de cada un ao resultado colectivo e asumir as responsabilidades respectivas.

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

Qué é a Socioloxía.: as orixes da Socioloxía

Cultura e Sociedade

Interacción social e vida cotiá.

O proceso de socialización.

Control social, desviación e delito.

A estratificación social.

Movibilidade Social e Pobreza.

Dinámica do cambio demográfico.

O conflito social.

O cambio social.

Cambio social e desenvolvemento económico.

Institucións sociais, Familia e Parentesco, Educación.  
Os Medios de Comunicación.  
Traballo.  
Organizacións Formais e burocracia.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	HORAS
Clases de pizarra	30	Estudo individual do alumno	50
Seminarios	10	Preparación de traballos e exposicións en grupo	25
Traballo Tutelados	5	Realización de traballos individuais	25
Titorías	2	Outras tarefas	
Tarefas relacionadas co obxecto de estudio	3		
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>		<b>100</b>

**Metodoloxía Docente (Profesor):**

Organización temporal. Impartiranse dúas horas semanais de clase presencial nas que se introducirán e explicarán os contidos teóricos esenciais da materia, presentando e resolvendo os problemas concernentes a ditos contidos.

Método de Explicación. Ademais da clase maxistral se lle proporcionará ao alumno distintos materiais, como artigos de prensa, fotocopias de textos, transparencias, onde se recollerá o desenvolvemento dos contidos teóricos que se explican na aula, garantindo así que o alumno poida concentrarse mais na comprensión de ditos contidos e poida completalos coas observacións ou comentarios que considere oportuno.

Exposicións e debates. Se lles propondrá ao alumno unha serie de temas relacionados coas distintas leccións do programa, para que individual ou en grupo elaboren unha exposición que terá que presentar ao resto da clase e sometela a debate.

Proxeccións de películas ou documentais relacionados cos temas estudados ao longo do curso.

Realización de comentarios de texto, lecturas e resumen crítico. Recoméndase aos alumnos, especialmente se desexan obter “nota” un traballo de lectura que está pensado coma un procedemento de formación complementaria que permita contrastar os contidos “teóricos” da materia con algúns rasgos e procesos que están tendo lugar nos nosos días.

Tutorías Especializadas (presenciais ou virtuais)

**Metodoloxía discente (Alumnos):**

Realización das Actividades didácticas. Como se recolle ao longo desta Guía haberá un conxunto de actividades didácticas, unhas estables e outras específicas, orientadas todas elas como reforzo de conceptos e práctica das destrezas formais. Estas actividades iranse desenvolvendo segundo o ritmo e as posibilidades docentes

pero todas elas culminarán na entrega dalgún tipo de informe oral ou escrito para a súa corrección, naquelas actividades nas que se fagan exposicións no aula aproveitarase para abrir reflexións sobre dúbidas conceptuais ou formais.

Asistencia Obrigatoria a Clase. Debe enfatizarse que para unha execución correcta do programa docente exposto é indispensable a asistencia a clase os días sinalados.

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓNS DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

A Evaluación basearase nos resultados dos exames e a valoración dos traballos, ademais da avaliación continua mediante o seguemento da participación activa en todas as actividades.

Evaluaranse os coñecementos adquiridos, as competencias instrumentais e as actitudes de observación, participación e colaboración. Está previsto un exame parcial ao longo do curso, e o que non se presente ou non o supere, irá con todo o temario ao exame ordinario de xuño. O exame consistirá en 4 preguntas nas que o alumno procurará realizar unha exposición con suficiente extensión e rigor, dun xeito estruturado, evitando as exposicións tipo guión, xa que o que se pretende obter é unha resposta non memorística senón comprensiva. É dicir co exame intentarase verificar se asimilaron correctamente os contidos da materia e se pode realizar unha redacción sistemática e adecuadamente articulada. Ademais da nota do exame, na calificación global teranse en conta as calificacións obtidas nas distintas actividades propostas.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA: Métodos en Ciencia Política**

**CRÉDITOS: 6**

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

Familiarizarse cos principais enfoques, métodos, lóxicas e morfoloxías da explicación en Ciencia Política. Aprender a argumentar, a plantexar hipóteses e realizar análises empregando diversos paradigmas explicativos. Aprender a diferenciar os supostos teóricos e metodolóxicos que están detrás dos análises e investigacións politolóxicas.

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

O Método científico: modelos experimentais, quasiexperimentais e non experimentais.

Teorías e conceptos.

Os principais enfoques da Ciencia política:

- Behavioralismo
- Funcionalismo
- Estructuralismo
- Individualismo metodolóxico
- O método comparado
- Análise do discurso

Lóxica e morfoloxía da explicación: os mecanismos.

Diferentes tipos de argumentación en Ciencia Política.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	HORAS
Clases de pizarra	30	Estudo individual do alumno	50
Seminarios	6	Preparación de traballos e exposicións en grupo	25
Traballo Tutelados	6	Realización de traballos individuais	25
Titorías	5	Outras tarefas	
Tarefas relacionadas co obxecto de estudio	3		
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>		<b>100</b>

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓN DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

O sistema de avaliación inclúe un exame da disciplina que se corresponderá cos fixados pola universidade sobre a materia impartida na aula e unha avaliación específica do traballo tutelado, o seminario e as actividades propostas no curso (casos prácticos, exercicios, comentarios etc.)

**DENOMINACIÓN DA MATERIA:** Introducción á estatística para as ciencias sociais (I)

**CRÉDITOS:** 6

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

Os coñecementos adquiridos nesta materia son unha base necesaria, entre as demais de carácter metodolóxico presentes na titulación.

O Alumno deberá acadar un dominio suficiente dos seguintes obxectivos:

- 1.- Acadar un coñecemento suficiente do tratamento e análise de estatístico de datos. Recoñecer as diversas variábeis estatísticas e as medidas apropiadas para o seu procesamento e análise.
- 2.- Deberá adquirir competencias no emprego dos recursos estatísticos para facer unha lectura descritiva dos datos.
- 3.- Deberá adquirir a capacidade de tirar conclusións dos datos analizados, así como a formulación de hipóteses.
- 4 - Deberá adquirir uns coñecementos básicos no manexo dos programas

informáticos para a análise de datos cuantitativos (SPSS e Excel.

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

Introducción á análise estatística dos datos

Estatística descriptiva univariable: Distribución de frecuencias. Técnicas básicas de representación gráfica. Medidas de tendencia central. Medidas de dispersión. Forma da distribución.

Estatística inferencial univariable: Fundamentos da estatística inferencial. Teoría da probabilidade. Distribucións teóricas. Teoría de mostraxe. Tipos de mostraxe. Distribución mostral. A estimación estatística. Niveis e intervalos de confianza. Erro mostral e volume da mostra.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSEÑANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

Actividades	Horas presenciais	Horas non presenciais	Factor	Traballo autónomo	Total
Clases teóricas	30,0		1,2	36,0	
Traballo Laboratorio	30,0		1,3	39,0	
Memoria	2,0		1,5	3,0	
Titorías	1,3		1,2	1,6	
Exames	2,0		2,5	5,0	
<b>Total</b>	<b>65,3</b>	<b>0,0</b>		<b>84,6</b>	<b>150</b>

A materia consta de 3 créditos teóricos e 3 prácticos. Atendendo a iso a docencia estruturarase da seguinte maneira:

**Créditos teóricos:**

Cumprimentaranse en 30 horas de clase presencial, levadas a cabo durante todo o curso escolar. Nelas desenvolveranse os contidos previstos no programa da materia.

**Créditos Prácticos:**

Estes créditos cumprimentaránse mediante a realización de traballos titorados polo profesor, preferentemente individuais. As actividades prácticas desenrólanse de dous xeitos distintos. Por unha banda, temos as prácticas (presenciais) na aula de informática onde se inicia ó alumno na utilización de distintos programas necesarios para a análise dos datos. E pola outra, unha vez introducidos nas destrezas informáticas necesarias, o alumno procederá, de xeito individual, á realización dun informe sobre os resultados obtidos nunha enquisa. Para a realización das distintas prácticas empregaranse 30 horas lectivas, repartidas entre sesións de laboratorio e sesións titoradas de xeito individual.

A fin de que a realización destes traballos sexa a correcta, os alumnos disporán das horas de titorías para consultar dúbidas. Así mesmo fixaranse citas de titorías a fin



de que o profesor poda realizar unha avaliación continuada de desenvolvemento dos traballos.

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓNS DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

Os criterios de avaliación serán acordes coa metodoloxía de ensinanza

A parte teórica avaliarase nun exame final no que preguntárase ao alumno sobre os contidos estudados.

Na parte práctica o alumno poderá obter un máximo de 3 puntos; estes puntos só serán tidos en conta si o exame teórico é aprobado (5). En todo caso a cualificación nas prácticas será reservada, se fose necesaria, para convocatoria de setembro. A avaliación das prácticas realizarase ao traveso do sistema de titorías, dos informes que oportunamente se soliciten e do informe final que os alumnos fagan. O informe final deberá ser entregado antes do exame final, na data fixada oportunamente, e deberá ser presentado mecanografiado en ordenador e remitido ao profesor.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA: Administración pública**

**CRÉDITOS: 6**

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

Coñecer a organización das administracións públicas do Estado español. Coñecer ademais o réxime xurídico, competencial e financeiro dos distintos niveis de administración.

Coñecer e diferenzar as administracións públicas territoriais e o conxunto de entes públicos e privados que dependen delas.

Aprender os conceptos básicos da teoría xeral da organización administrativa e saber aplicalos.

Comprender a organización e funcionamento das administracións públicas e a súa dinámica na nova xestión pública.

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

Formación histórica e bases constitucionais da administración.

A Administración Xeral do Estado. A Administración das Comunidades Autónomas- A Administración local. A Administración institucional e as corporacións de dereito público.

Teoría xeral da organización administrativa. As relacións interorgánicas. As relacións interadministrativas.

Dereitos dos cidadáns fronte a Administración pública.

Estado das autonomías; o marco constitucional de organización territorial. O ordenamento xurídico das Comunidades Autónomas; el Estatuto de Autonomía; las instituciones autonómicas. El sistema de distribución competencial; tipos de competencias; relacións Estado – Comunidades Autónomas.

A Administración pública como macroorganización. Características, evolución e elementos distintivos das administracións central, autonómica, local e europea.

Goberno multinivel. Relacións intergubernamentais. Mecanismos de cooperación existentes, problemas de descoordinación e conflitos de poder.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

<b>TRABALLO PRESENCIAL NA AULA</b>	<b>HORAS</b>	<b>TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO</b>	<b>HORAS</b>
Clases de pizarra	30	Estudo individual do alumno	50
Seminarios	10	Preparación de traballos e exposicións en grupo	25
Traballo Tutelados	5	Realización de traballos individuais	25
Titorías	2	Outras tarefas	
Tarefas relacionadas co obxecto de estudio	3		
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>		<b>100</b>

Participación na aula (1,2 créditos ECTS equivalente a 30 horas).

Traballos tutelados polo profesor ( 1,2 créditos ECTS, 30 horas)

Traballo en seminario mediante exposición e participación dos estudantes (1,8 créditos ECTS, 45 horas)

Tarefas vencelladas ao coñecemento directo e pormenorizado da materia de estudo.

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓNS DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

Os criterios de avaliación da materia son os seguintes:

- Asistencia e participación nas clases teóricas e prácticas
- Traballos e actividades obrigatorias realizadas nas clases prácticas

- Traballos individuais (os criterios e a metodoloxía expóranse na clase)
- Exames parciais (só válidos ata a convocatoria ordinaria de xuño)

Os alumnos que se presenten só ao exame final, na convocatoria ordinaria de xuño ou na extraordinaria de setembro, deberán ter acreditados a realización dos traballos ou actividades das clases prácticas.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA: Dereito Administrativo**

**CRÉDITOS: 6**

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

Coñecer e saber explicar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

Comprender os fundamentos, funcións, características e estrutura básica do procedemento administrativo común.

Coñecer os aspectos temporales do procedemento administrativo e as consecuencias da inactividade da administrativo.

Saber redactar as solicitudes e demais documentos de petición por parte dos interesados no procedemento.

Comprender os aspectos básicos do réxime xurídico dos actos administrativos e as potestades de autotutela da Administración respecto dos mesmos.

Saber identificar os vicios dos actos administrativos; saber distinguir entre os actos nulos, os anulables os irregulares, e aplicar o réxime xurídico propio de cada un deles.

Coñecer os diversos sistemas de control dos actos administrativos e as características propias de cada un deles.

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

Procedemento administrativo: orixe histórica, bases constitucionais e significado.

Regulación do procedemento administrativo común. Fases do procedemento e formas de terminación.

O silencio administrativo.

Actos administrativos: concepto, calses e elementos. Presunción de validez e eficacia dos actos administrativos. Execución forzosa: causas e invalidez e as irregularidades

non invalidantes.

Revocación dos actos administrativos e revisión dosn actos anulables.

Os recursos administrativos. A suspensión de actos administrativos en vía de recurso ou de revisión de oficio.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	HORAS
Clases de pizarra	30	Estudo individual do alumno	50
Prácticas	10	Preparación de traballos e exposicións en grupo	25
Traballo Tutelados	5	Realización de traballos individuais	25
Titorías	2	Outras tarefas	
Tarefas relacionadas co obxecto de estudio	3		
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>		<b>100</b>

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓN DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

Exame parcial teórico e final teórico – práctico. Progresiva incorporación de elementos de avaliación extraídos da implicación e do taballo persoal de cada alumno, en particular a través de realización e presentación de prácticas e da intervención activa nas sesións de resolución e debate destas.

Na parte práctica o alumno poderá obter un máximo de 3 puntos; estes puntos só serán tidos en conta si o exame teórico é aprobado (5). En todo caso a cualificación nas prácticas será reservada, se fose necesaria, para convocatoria de setembro. A avaliación das prácticas realizarase ao traveso do sistema de titorías, dos informes que oportunamente se soliciten e do informe final que os alumnos fagan. O informe final deberá ser entregado antes do exame final, na data fixada oportunamente, e deberá ser presentado mecanografiado en ordenador e remitido ao profesor.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA:** Técnicas cuantitativas de Investigación Social

**CRÉDITOS:** 6

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

O Alumno deberá acadar un dominio suficiente dos seguintes obxectivos: a)- Acadar un coñecemento dos rudimentos básicos do proceso de investigación social. Deberá adquirir competencias no emprego de supostos teóricos e a súa tradución en modelos analíticos e a súa posterior concreción en variábeis xerais e empíricas que permitan a observación (medición) do fenómeno proposto para o estudo. B)- Adquirir destrezas no manexo dos recursos da investigación cuantitativa en ciencias sociais.

- 1) Instrumentais: Emprego de fontes documentais secundarias; Emprego de recursos demoscópicos para a análise social.
- 2) Sistémicos: Deseño dunha investigación; Xestión dun proxecto de investigación.
- 3) Interpersoais: Traballo en equipo

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

1. O deseño e a planificación da investigación
2. Fases da investigación.
3. A enquisa por cuestionario.
4. Unidades de análise e observación:
5. A lóxica do análise dos datos.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

**Memoria Proxecto de Grado en Ciencia Política e Xestión Pública**  
**Facultade de CC. Políticas e Sociais**  
**Universidade de Santiago de Compostela**

<b>Actividades</b>	<b>Horas presenciais</b>	<b>Horas non presenciais</b>	<b>Factor</b>	<b>Traballo autónomo</b>	<b>Total</b>
Clases teóricas	30		1,6	48	
Debates	2		2	4	
Seminarios	2		1,5	3	
Traballos Campo		6	2,5	15	
Traballos Laboratorio	6	4	2,5	25	
Titorías	2			0	
Exames	2		2,5	5	
<b>Total</b>	<b>44</b>	<b>6</b>		<b>100</b>	<b>150</b>

A materia consta de 3 créditos teóricos e 3 prácticos. Atendendo a iso a docencia estruturarase da seguinte maneira:

**Créditos teóricos:**

Cumprimentaranse en 30 horas de clase presencial, segundo o cronograma da materia. Nelas desenvolveranse os contidos previstos no programa da materia. Para elo conxugarase a explicación por parte do profesor e a lectura ordenada dos textos referenciados por parte dos alumnos/as.

**Créditos Prácticos:**

Estes créditos cumprimentaránse mediante a realización de traballos titorados polo profesor, preferentemente en grupos reducidos. As actividades prácticas consistirán na realización de tódolos pasos necesarios para a realización dunha enquisa de opinión. Os alumnos/as programarán, farán un cuestionario e unha mostra, recollerán a información nun traballo de campo, procesarán os datos e, finalmente analizarán os resultados. Para a súa realización empregaranse 30 horas lectivas, repartidas entre sesións de seminario, traballo de campo e sesións de laboratorio, segundo o cronograma previsto.

A fin de que a realización destes traballos sexa a correcta, os alumnos disporán das horas de titorías para consultar dúbidas. Así mesmo fixaranse citas de titorías a fin de que o profesor poda realizar unha avaliación continuada de desenvolvemento dos traballos.

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓNS DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

Os criterios de avaliación serán acordes coa metodoloxía de ensinanza

A parte teórica avaliarase nun exame final no que preguntarase ao alumno sobre os contidos estudados. O exame constará de dúas partes, unha conceptual na que o alumno deberá respostar brevemente a aproximadamente cinco cuestións breves; a outra na que deberá desenrolar un tema ou epígrafe dos que figuran no programa da materia. A primeira parte terá unha valoración non superior a 2 puntos. A segunda poderá acadar os 5 puntos ambos sobre a nota final

Na parte práctica o alumno poderá obter un máximo de 3 puntos; estes puntos só serán tidos en conta si o exame teórico e aprobado (5). En todo caso a cualificación nas prácticas será reservada, se fose necesaria, para convocatoria de setembro. A avaliación das prácticas realizarase ao traveso do sistema de titorías, dos informes que oportunamente se soliciten e do informe final que os alumnos fagan. O informe final deberá ser entregado antes do exame final, na data fixada oportunamente, e deberá ser presentado mecanografiado en ordenador e remitido ao profesor.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA: Técnicas cualitativas de investigación social**

**CRÉDITOS: 6**

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

O alumno terá que alcanzar o coñecemento necesario que lle permita xerar dispositivos para a produción de datos sociolóxicos que den conta da relación entre compoñentes do sistema social. Para elo terá que coñecer e manexar as destrezas das Técnicas de Investigación Social Cualitativa: grupos de discusión, entrevistas en profundidade, coñecemento que se fai en todos os momentos do proceso de investigación (decisións de deseño).

Nas clases prácticas o alumno terá que aplicar o coñecemento das destrezas antes sinaladas, xunto coas estudadas nas materias de Métodos de Investigación Social I e Estatística nun deseño dunha investigación cualitativa, que ao final lle faga competente coa práctica da socioloxía cualitativa. aconséllase que o tema da investigación (a pregunta da investigación) sexa un tema relacionado coas cuestións propias da Ciencia Política. O obxectivo xeral é o desenvolvemento, en posteriores seminarios e créditos desenvolvidos na aula de informática, o coñecemento e a aplicación práctica dos programas deseñados para o tratamento de datos cualitativos (Atlas-ti e Nud.ist).

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

Instrumentos para a observación da vida cotiá. Introducción á Perspectiva Estructural ou Socioloxía Cualitativa.

O deseño na perspectiva estrutural.

Producción e análise de datos cualitativos

Técnicas de conversación, narración: entrevistas en profundidade, os grupos de discusión, o método biográfico, historias de vida.

Os límites da observación externa da conducta: a autoobservación; a investigación social de 2º orden.

Elementos para unha perspectiva dialéctica: prácticas sociolóxicas da perspectiva dialéctica.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS**

**COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

Actividades	Horas presenciais	Horas non presenciais	Factor	Traballo autónomo	Total
Clases teóricas	30		1,7	51	
Debates	2		2	4	
Seminarios	6		1,6	9,6	
Traballos Campo		12	2,5	30	
Titorías	4			0	
Exames	2		2,5	5	
<b>Total</b>	<b>44</b>	<b>6</b>		<b>99,6</b>	<b>150</b>

Ao selas Técnicas Cualitativas de Investigación Social unha asignatura que distribúe paritariamente os créditos teóricos e os créditos prácticos, o plan de traballo ten que ter en conta esta característica tan relevante e para elo non só incidir na lección maxistral do profesor senón que considera nunha porcentaxe moi relevante de cara á avaliación final, o traballo práctico dos alumnos. Este orientase a traballos en grupo; formaranse ao inicio do segundo cuatrimestre os diferentes equipos de investigación que teñen por obxecto a realización dun *deseño cualitativo de investigación* (cf. Máis arriba). Precisamente propónse a realización dos créditos prácticos a través de traballo en grupo porque cremos que é o modo que define o traballo universitario e ademais no noso caso concreto se pensa na posible práctica profesional dalgúns alumnos que orienten a súa profesión no ámbito da investigación social.

A profesora irá supervisando, xeralmente fora das aulas, os avances nos deseños xerados polos diferentes equipos e adicase unha sesión semanal á resolución de problemas que xurdan ao por en marcha aos diferentes dispositivos da investigación.

Paralelamente ás sesións prácticas, a lección maxistral combínase algunha vez co debate particular en torno a algún acontecemento tomado da vida política e social que garda relación co programa. En todo caso, a profesora todos os días pretende estimular unha presenza activa na aula.

Finalmente recoméndase ao alumno a súa participación productiva nos equipos de investigación. Preténdese evitar a figura relativamente frecuente neste tipo de prácticas do alumno que quere aproveitarse do traballo dos compañeiros.

Polo que se refire a este segundo apartado, pódese entender que xorde do exposto anteriormente: valórase o traballo en equipo e precisamente por elo se recomenda que cada un dos membros do equipo se faga responsable da asunción dalgunha das tarefas requiridas para por en marcha o deseño: búsqueda de local para a realización da entrevista, reclutamento dos participantes na mesma, búsqueda de fontes documentais. En definitiva, inténtase facer un *simulacro* de investigación social; a experiencia persoal de esta práctica é altamente positiva pois podeuse verificar que aumentouse a calidade destes traballos e a adquisición pola parte dunha maioría significativa de alumnos das destrezas requiridas na investigación social cualitativa.

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓN DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

En primeiro lugar, terase en conta que o alumno adquira un coñecemento relacional-que non meramente teórico nin memorístico sensu strito-sobre a materia. Isto quere dicir que o



alumno ao coñecer os contidos teóricos da materia ten que aprender a relacionar uns con outros, os diferentes aspectos dun mesmo tema á vez que intente aplicar estas categorías á análise da realidade social máis próxima. É tal a insistencia neste aspecto da aprendizaxe que no momento da presentación da asignatura xa se explica o formato do exame final e se insiste que as preguntas do mesmo pretenden obter unha resposta non memorística senón comprensiva.

En segundo lugar, terase en conta as destrezas adquiridas que permitan ao alumno implicarse no proceso de investigación social cualitativo e superar satisfactoriamente cada unha das súas fases: deseño, produción de datos, análise deses datos.

Finalmente na avaliación final terase en conta a participación activa na aula.

Por considerar tan importante este aspecto da docencia, todas estas indicacións explícanse detidamente ao presentar a materia para que o alumno coñeza dende o primeiro momento as “regras do xogo”.

Os criterios de avaliación serán acordes coa metodoloxía de ensinanza

A parte teórica avaliarase nun exame final no que preguntarase ao alumno sobre os contidos estudados. O exame constará de dúas partes, unha conceptual na que o alumno deberá respostar brevemente a aproximadamente cinco cuestións breves; a outra na que deberá desenrolar un tema ou epígrafe dos que figuran no programa da materia. A primeira parte terá unha valoración non superior a 2 puntos. A segunda poderá acadar os 5 puntos ambos sobre a nota final

Na parte práctica o alumno poderá obter un máximo de 3 puntos; estes puntos só serán tidos en conta si o exame teórico e aprobado (5). En todo caso a cualificación nas prácticas será reservada, se fose necesaria, para convocatoria de setembro A avaliación das prácticas realizarase ao traveso do sistema de titorías, dos informes que oportunamente se soliciten e do informe final que os alumnos fagan. O informe final deberá ser entregado antes do exame final, na data fixada oportunamente, e deberá ser presentado mecanografado en ordenador e remitido ao profesor.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA:** Política exterior de España

**CRÉDITOS:** 4,5

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

Proporcionar unha comprensión en conxunto sobre a Política exterior de España, os seus antecedentes, o proceso de decisión e a súa execución no mundo actual.

Dotar ao alumno de capacidade técnicas suficientes para aplicar por si mesmo destrezas básicas que lle permitan crear novos coñecementos a través da investigación.

Capacitar ao alumno para transmitir e comunicar os coñecementos propios deste



campo a través da elaboración de discursos coherentes: argumentación lóxica e racional, emprego de terminoloxía e ferramentas dialécticas propias do campo disciplinar, fomento da capacidade de razoamento, autorreflexión e espírito crítico.

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

Introducción ao estudo da Política Exterior

Antecedentes históricos: marxinalidade de España no sistema internacional contemporáneo. A ditadura franquista (1939 – 1975). A transición á democracia (1976 – 1977).

A política exterior do Estado democrático: elaboración da política exterior. A política exterior dos Gobernos democráticos (1977 – 2004).

Áreas sectoriais e xeográficas da política exterior de España: a política europea. A política de seguridade e defensa. A política mediterránea. A política cara a Iberoamérica. España e as Nacións Unidas. A política de cooperación internacional. Acción cultural e promoción da imaxe exterior de España.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

<b>TRABALLO PRESENCIAL NA AULA</b>	<b>HORAS</b>	<b>TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO</b>	<b>HORAS</b>
Clases de pizarra	25	Estudo individual do alumno	45
Seminarios	5	Preparación de traballos e exposicións en grupo	15
Traballos Tutelados	5	Realización de traballos individuais	15
Titorías	2,5	Outras tarefas	
<b>TOTAL</b>	<b>37,5</b>		<b>75</b>

O temario explicarase a través de clases teóricas e prácticas, sendo as clases teóricas as que constitúen o núcleo central das explicacións.

Letura, recesión e comentario de libros e textos que se sinalaran a comezos de curso

Seminarios ou grupos de traballo nos que se buscará información sobre cuestións vencelladas con temas actuais da política exterior de España .

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓN DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

A avaliación realizarase a través de exame final baseado no contido da materia e nas

laecturas realizadas. Tamén se terán en conta as recesións ás lecturas que foran seleccionadas.  
Os comentarios escritos das lecturas son obrigatorias.  
A participación en clase terase en conta para a mellora das cualificacións sempre e cando superen o aprobado.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA:** Relacións Internacionais

**CRÉDITOS:** 4,5

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

Con esta materia preténdese dotar ao alumno da capacidade para analizar cuestións actuais das Relacións Internacionais.  
Dotar ao alumno das capacidades técnicas suficientes para aplicar por si mesmo as destrezas básicas da disciplina de Relacións Internacionais de modo que, ademais de analizar, comprender e explicar os procesos de transformación global actualmente, poida formular hipóteses que o axuden a crear novos coñecementos a través da investigación. Capacitar ao alumno para a construción de argumentos lóxicos sólidamente fundamentados así como reflexións e críticas sobre o obxecto de estudo.

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

A sociedade internacional da globalización

A emerxencia dunha economía global. O xurdimento de redes transnacionais.

A sociedade global. Dinámicas demográficas e fluxos de poboación. A terceira revolución tecnolóxica e os seus desafíos.

Modelos de xestión global. O sistema internacional de cooperación e desenvolvemento.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	HORAS
Clases de pizarra	25	Estudo individual do alumno	45
Seminarios	5	Preparación de traballos e exposicións en grupo	15
Traballo Tutelados	5	Realización de traballos individuais	15
Titorías	2,5	Outras tarefas	
TOTAL	37,5		75

Nesta materia combinaránse as leccións maxistras do profesor/a, xunto coa lectura dunha serie de libros e textos relacionados coa temática de estudo, dos que se realizará unha breve recensión e exposición na aula, para o seu posterior debate. Ademais estas actividades complementarase co seguimento das noticias en prensa do panorama internacional, que se debatirán na aula.

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓN DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

A avaliación desta materia terá lugar mediante o exame final, así como a presentación das recensións sobre os diferentes textos e libros indicados polo profesor/a, que serán entregados con anterioridad á data do exame. Así mesmo a participación na aula será tida en conta.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA:** Elección pública

**CRÉDITOS:** 4,5

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

- Familiarizar ao alumno coa Teoría da Elección Racional e da Elección Pública.
- Fornecer fundamentos microeconómicos para a análise da política (actores e institucións).

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

- A lóxica da Acción Colectiva.
- O Neoinstitucionalismo de Elección Racional.
- Economía constitucional: Teoría positiva e Teoría normativa do Estado.
- Democracia directa e Teoría das votacións: as regras de decisión. Sistemas de votación alternativos. Democracia directa.
- Democracia representativa: competencia electoral e provisión pública de bens e servizos.
- Elección Pública e análise do federalismo.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSIANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	HORAS
Clases de pizarra	25	Estudo individual do alumno	45

Seminarios	5	Preparación de traballos e exposicións en grupo	15
Traballo Tutelados	3	Realización de traballos individuais	15
Titorías	4,5	Outras tarefas	
<b>TOTAL</b>	<b>37,5</b>		<b>75</b>

**SISTEMA DE AVALIACION DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓN DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

**Avaliación a través de exame, de resolución de casos prácticos e de traballos individuais e colectivos.**

**DENOMINACIÓN DA MATERIA: Metodos Avanzados de Investigación Social**

**CRÉDITOS:** 4,5

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

Adquirición de habilidades investigadoras no campo das Ciencias Sociais para poder dar resposta a actuais problemáticas de alta complexidade social.

Coñecementos de observación e diferenciación entre o observador de primeira e de segunda orde.

Orientación dos alumnos para poder realizar unha investigación concreta que respondan as especificidades e técnicas desta materia.

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

Cuestións epistemolóxicas: Socioloxía como ciencia. A tradición científica na socioloxía. As disputas cos Positivismos. A ciencia como ideoloxía. Desenvolvemento das ciencias cognitivas. Situación actual: complexidade e incertidume.

Cuestións metodolóxicas: O vencellamento da teoría coa práctica. A investigación sociolóxica como caza e como dúbida. Empirismo e abstracción. Empirismo como verificación. Cuantitativo/ Cualitativo – camiños converxentes e diverxentes -.

O Constructivismo e os Imaxinarios Sociais: As tendencias actuais da epistemoloxía na socioloxía. Orixe fenomenolóxicas: A. Schütz. “A construción social da realidade” de Berger & Luckman. O “constructivismo radical”. A teoría constructivista “operativa” de Niklas Luhmann. A “Sociocibernética”, ou observación de segunda orde. A Orde Social e os Imaxinarios Sociais. Os modos de construción da realidade social ou os

mecanismos de “realización” do Sistema Social.

Procedementos de análise e interpretación: “Deseña unha investigación” :o comezo do coñecemento. Distinción e Posición. Lóxica e paradóxica. Momentos de totalización, destotalización e retotalización. Os modos da retórica. Os modos do discurso. Os modos de imaxe. Técnicas para a recollida de datos. Definición de funcións manifestas e latentes. Deseño das perspectivas diferenciadas dos Imaxinarios sociais.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	HORAS
Clases de pizarra	25	Estudo individual do alumno	45
Seminarios	5	Preparación de traballos e exposicións en grupo	15
Traballo Tutelados	3	Realización de traballos individuais	15
Titorías	4,5	Outras tarefas	
<b>TOTAL</b>	<b>37,5</b>		<b>75</b>

A organización do curso é teórico – práctica. Nas clases teóricas abordarase a exposición do marco teórico (3 créditos).

As clases prácticas consistirán na elaboración dunha investigación específica orientada polo profesor (3 créditos).

Tanto as clases teóricas como as prácticas son obrigatorias e insustituíbles por apuntes ou leturas.

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓNS DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

Para a avaliación da materia terase en conta a presentación da memoria – informe da investigación que foi dirixida polo profesor e realizada de xeito individual ou grupal.

Trátase dunha avaliación continua ao longo do cuadrimestre.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA: Estructura Social**

**CRÉDITOS: 4,5**

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

Se trata de conseguir en los estudiantes un adecuado nivel de conocimientos sociológicos sobre los aspectos más relevantes de los procesos que vertebran a las sociedades contemporáneas, con una especial referencia a la desigualdad social y a la estructura social de España y de Galicia, así como de sus procesos de cambio.

La asignatura analiza el desarrollo minucioso de las teorías y los enfoques que plantean el tema de la estratificación social como un sistema de desigualdades. Se pone de manifiesto la relación entre la estructura social y los procesos de cambio que han tenido lugar en ella.

Durante este curso se estudian en profundidad, tanto las teorías clásicas como las contemporáneas sobre las clases sociales; los procesos de movilidad social; la realidad social española y de Galicia, así como las tendencias más recientes referentes al proceso de globalización y las desigualdades a nivel mundial.

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

**I. ELEMENTOS CONCEPTUALES DE LA ESTRATIFICACIÓN SOCIAL**

El concepto de estructura. Los modelos de estratificación social. El concepto de clase social, enfoques clásicos y contemporáneos. La medida de la estructura de clases. Las clases medias. Panorámica de las clases sociales en España. Movilidad social. El logro de status.

**II. ESTRUCTURA SOCIAL DE ESPAÑA Y GALICIA**

Metodología para el estudio de las estructuras sociales. La población. El proceso de urbanización. Estructura ocupacional y mercado de trabajo. La educación en España. La familia española en la actualidad. Las élites del poder. Pobreza y exclusión social. Inmigración y etnia.

**III. PROCESOS DE CAMBIO EN LAS ESTRUCTURAS SOCIALES.** Persistencia y cambio en las estructuras sociales. El cambio social en España. Cambio de valores. Ciudadanía y titularidades. El Proceso de globalización y la sociedad cosmopolita.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	HORAS
Clases de pizarra	25	Estudo individual do alumno	45
Seminarios	5	Preparación de traballos e exposicións en grupo	15
Traballos Tutelados	5	Realización de traballos individuais	15
Titorías	2,5	Outras tarefas	

TOTAL	37,5		75
<p><b>Clases presénciales.</b> Se impartirán 25 horas de clase presencial en las que se introducirán y explicarán los contenidos teóricos esenciales de la materia, presentando y resolviendo los problemas concernidos a dichos contenidos. La asistencia será obligatoria.</p> <p><b>Exposiciones y Debates.</b> Se le propondrá al alumno una serie de temas relacionados con las distintas lecciones del programa, para que individualmente o en grupo elaboren una exposición que tendrán que presentar al resto de la clase y someterla a debate.</p> <p><b>Trabajos por escrito y Tutorías.</b> El alumno deberá presentar un trabajo por escrito sobre algún aspecto de su elección, siempre que sea considerado central en la materia. Dicho trabajo será objeto de las tutorías especializadas (presénciales o virtuales), que se consideren imprescindibles para su correcta realización.</p>			
<p><b>SISTEMA DE AVALIACION DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓN DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:</b></p> <p>Los contenidos en créditos ECTS asociados a cada una de las actividades del alumno explicitadas en el anterior apartado, han de ser tenidos en cuenta en los criterios de evaluación, sin embargo, un examen final por escrito repercutirá al menos en el 50% de la nota final del estudiante.</p>			

<p><b>DENOMINACIÓN DA MATERIA:</b> Opinión Pública</p>
<p><b>CRÉDITOS:</b> 4,5</p>
<p><b>COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:</b></p> <p>O alumno que se matricula nesta materia adquire as competencias idóneas que lle permitan, finalizar o curso, interpretar as relacións entre comunicación política, Opinión pública, actores do espazo público e outros aspectos que forman parte da columna vertebral da investigación en Ciencia Política.</p> <p>Esta materia encádrase no contexto da oferta de materias optativas da área de Socioloxía, en concreto Métodos de Investigación, e como tal pódese entender en termos de interdependencia coas outras materias da área.</p>
<p><b>BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:</b></p> <p>A articulación do programa da materia Opinión Pública constará dos seguintes bloques temáticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Opinión pública, xénese do debate, cidadanía e espazo público</li> <li>- Comunicación Política, Opinión pública e procesos electorais</li> <li>- Actores da comunicación no espazo público</li> </ul>

- Estratexia para a conformación da Opinión Pública, Opinión pública versus Opinión publicada.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSEÑANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	HORAS
Clases de pizarra	25	Estudo individual do alumno	45
Seminarios	5	Preparación de traballos e exposicións en grupo	15
Traballo Tutelados	5	Realización de traballos individuais	15
Titorías	2,5	Outras tarefas	
<b>TOTAL</b>	<b>37,5</b>		<b>75</b>

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓN DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

A parte teórica avaliarase nun exame final no que preguntárase ao alumno sobre os contidos estudados. O exame consistirá no desenvolvemento de dous epígrafes dos que figuran no programa da materia e no comentario dun caso práctico breve.

A avaliación completárase coa valoración das prácticas realizadas ao traveso do sistema de titorías e a valoración da participación das actividades prácticas nas clases presenciais.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA:** Partidos e Sistemas de Partidos

**CRÉDITOS:** 4,5

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

- Proporcionar coñecementos básicos sobre o concepto, tipos, organización, funcionamento e funcións dos partidos políticos nas democracias contemporáneas.
- Introducir ao estudante na análise comparada dos sistemas de partidos.

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

- O concepto de partido político.
- Orixes e evolución dos partidos políticos.



- As funcións e os roles dos partidos.
- O estudo da organización interna dos partidos: *party in office*, *party in public office*, *membership*.
- Os partidos como actores políticos.
- Os sistemas de partido: principais tipos.
- As análisis institucionais.
- Partidos e eleccións.
- Líderes partidos e estratexias.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	HORAS
Clases de pizarra	25	Estudo individual do alumno	45
Seminarios	5	Preparación de traballos e exposicións en grupo	15
Traballo Tutelados	3	Realización de traballos individuais	15
Titorías	4,5	Outras tarefas	
<b>TOTAL</b>	<b>37,5</b>		<b>75</b>

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓN DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

O sistema de avaliación puntuará a asistencia as clases, a realización de traballos e mais un exame dos contidos básicos da materia.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA:** Teoría política

**CRÉDITOS:** 4,5

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

Proporcionar os principais argumentos, debates e conceptos das máis importantes correntes de teoría política normativa contemporánea.

A Teoría Política normativa abordarase desde unha perspectiva contextualista, é dicir, a partires dos máis importantes problemas das sociedades contemporáneas

(multiculturalismo e emigración, nacionalismos, igualdade, desenvolvemento sostible e crise ecolóxica, etc.)

#### **BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

O liberalismo contemporáneo. O déficit das súas teorías da democracia. A crise do Utilitarismo como fundamento do liberalismo. Rawls: constructivismo kantiano constrictivismo político. Sociedad de ben ordenada. Principios de xustiza. A idea da razón pública. Nozick: pluralismo, utopía, e cooperación voluntaria. Ackerman: a xustiza social e as características do estado liberal. Holmes: constitucionalismo e democracia. A separación de poderes.

O comunitarismo. Liberalismo e comunitarismo: o “eu” contextualizado. Sandel: crítica do individualismo asocial e do principio de neutralidade de Rawls. MacINTYRE: crítica da Ilustración e aristotelismo político. Walzer: teoría pluralista dos bens sociais e congruencia nas esferas distributivas. Taylor: identidade, moralidade e comunidade. A prioridade do ben.

Democracia participativa e republicanismo. Pettit: Democracia participativa, republicanismo e non dominación. Gutmann & Thompson: democracia e desacordo. Warren: Democracia, confianza e deliberación. Gould: Fundamentación ontolóxica da democracia. Representación e participación. Fishkin: democracia e deliberación. Barber Strong democratic talk. Habermas: pragmática universal e situación idela de diálogo. Discurso, publicidade e procedementos democráticas. Autonomía e autotransformación. Política e dereito en Facticidade e Validez. Crítica do reduccionismo ético. Laca: Democracia radical e posmodernidade.

Multiculturalismo e nacionalismo. Etnia e política: a produción das identidades colectivas. Kymlicka: dereitos individuais e colectivos. Dereitos poliétnicos dereitos de autogoberno. Protección externas e restricións internas. Dereitos das minorías e límites da tolerancia. Honneth: a loita polo coñecemento. Tamir: nacionalismo e liberalismo. Concepción da persoa e identidade colectiva. Elección e dereito á cultura. Miller: identidade nacional e autodeterminación. Nacionalismo e pluralismo. Canovan: democracia, xustiza social e nacionalidade. Nacionalismo, patriotismo e universalismo. As lóxicas da secesión da acomodación plurinacional. Federalismo e democracia. Crítica dos fundamentos filosóficos do nacionalismo. Gilbert

O marxismo analítico. Igualitarismo. Dahl e Dworkin: O debate marxista sobre a xustiza. Cohen, Roemer, Elster e Van Parijs.

Teoría Política posmoderna. Lyotard: Posmodernidade e posmodernismo. Decostrución e diferenza. Derrida. Laclau. Jameson: política e cultura da posmodernidade. Rorty: democracia e liberalismo posmoderno.

Teoría Política e Xénero. Xénero e Política. O debate contemporáneo. Fraser: paradigma da igualdade. Redistribución e xénero. Phillips: a política da presenza. Young: paradigma da diferenza. Benhabid: teoría de xénero e teoría crítica. Mouffe: feminismo e democracia radical. Nussbaum: mulleres, feminismo e xustiza.

Pensamento político verde. Os termos cambiantes da Política mediambiental: “Survivalism”, Racionalismo administrativo e económico. Desenvolvemento sostido.

Romanticismo verde, Democracia ecolóxica. A teoría verde do valor. R. Goodin. O debate sobre a hipótese. Gaia: J.Lovelock. Dobson.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	HORAS
Clases de pizarra	25	Estudo individual do alumno	45
Seminarios	5	Preparación de traballos e exposicións en grupo	15
Traballo Tutelados	5	Realización de traballos individuais	15
Titorías	2,5	Outras tarefas	
TOTAL	37,5		75

As clases estruturaránse mediante diversas actividades docentes e discentes:

Clases maxistras que presentarán sinteticamente aos fíos argumentativos e conceptuais das diferentes correntes modernas da Teoría política normativa

Elaboración de traballos escritos sobre temas do programa, baixo a supervisión dos profesores

Debates sobre determinados temas de actualidade, con exposicións a cargo de grupos de estudantes e comentarios de texto en Seminarios.

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓN DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

Para superar a materia será preciso, ademais do exame final, realizar un traballo escrito por parte dos alumnos que o desexen sobre algún dos temas e/ou dos autores do programa, para o que se proporcionará bibliografía e orientación por parte dos profesores da disciplina e que se deberá entregar no momento do exame final.

Así mesmo, a avaliación realizarase de forma continuada, mediante a realización de exposicións orais das lecturas e a participación activa nas clases.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA:** Mercadotecnia Política

**CRÉDITOS:** 4,5

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

Formar aos alumnos na metodoloxía e realización de estudos de mercado que permitan avaliar a realidade económica, social e política.

Afondar nas técnicas cuantitativas e cualitativas como instrumentos para a análise e posterior proposta de estratexias, plans de actuación ou campañas en diversos ámbitos, tanto da Administración pública como da empresa privada.

Coñecer as diferentes ferramentas e tendencias no campo da mercadotecnia.

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

O enfoque do marketing político: orixe e desenvolvemento

Concepto e elementos do marketing político: Investigación e valoración do entorno; elaboración do produto político e plan de comunicación.

Análise de estratexias e de campañas políticas: o concepto e a formulación de estratexias. Actividades de campañas políticas e electorais.

Publicidade e comunicación política.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

<b>TRABALLO PRESENCIAL NA AULA</b>	<b>HORAS</b>	<b>TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO</b>	<b>HORAS</b>
Clases de pizarra	10	Estudo individual do alumno	25
Prácticas en ordenador ou de laboratorio de estratexias	40	Preparación de traballos e exposicións en grupo	15
Traballo Tutelados	5	Realización de traballos individuais	15
estrategias	2,5	Outras tarefas	
<b>TOTAL</b>	<b>57,5</b>		<b>55</b>

O desenvolvemento das clases teóricas permitirán ao alumno adquirir os coñecementos básicos, complementándoos con lecturas recomendadas polo profesor.

As clases prácticas, nas que a participación e implicación do alumno é o obxectivo fundamental, supoñen a resolución de casos e exercicios prácticos: elaboración de enquisas, realización de grupos de discusión, traballo de documentación para a planificación de estratexias políticas, campañas, etc.

Seguimento e asesoramento ao alumno para a realización dos traballos de investigación finais, así como a exposición na aula e o debate sobre cada un dos traballos.

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓNS DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

O sistema de avaliación será a través dun traballo final, individual ou grupal, que versará sobre a materia e que será determinado ao comezo do curso académico.

Organización de talleres ou seminarios con participación de profesionais para un maior coñecemento das cuestións relacionadas coa materia.

A asistencia ás clases así como a participación serán tidas en conta na avaliación final do alumno.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA:** Análise Electoral

**CRÉDITOS:** 4,5

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

Posibilitar a comprensión das diversas dimensións dos procesos electorais. Os estudantes comprenderán o valor das eleccións como instrumentos fundamentais das democracias, así como a capacidade dos modelos explicativos da orientación do voto e as posibilidades das enquisas non unicamente para predecir os resultados senón, fundamentalmente, para establecer unha nova relación entre cidadáns e actores políticos. Preténdese conseguir que os alumnos adquiren os coñecementos e metodoloxías da análise electoral, que acaden a capacitación necesaria para interpretar os procesos individuais e colectivos asociados á decisión do voto así como procurar que desenvolvan as habilidades para ler estratéxicamente unha enquisa de cara ao apoio das decisións dos actores políticos.

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

As eleccións como instrumentos da democracia

Visións maioritarias e visións proporcionais

A participación electoral. Cultura política e participación electoral.

A análise das eleccións. As dimensións do voto: concentración e fragmentación, competición e competitividade, volatilidade.

Estabilidade e inestabilidade. Identificación partidista e volatilidade.

Voto e "cleavages". A debilitación dos "cleavages" tradicionais ou a debilitación dos

novos “cleavages”. “Cleavages” e segmentación.

Partidos, eleccións e “cleavages”. Os cambios nas condicións da competición partidista. As especificidades dos procesos electorais. As dimensións da competición en Galicia e España.

A teoría espacial do voto. Convergencia e Diverxencia.

As lecturas do voto. Voto estratéxico. Voto probabilístico. Voto económico.

A construción dos espazos políticos. O retorno das dimensións políticas do voto. Eleccións e estratexia política. Preferencias endóxenas e decisión política.

Márketing, eleccións e democracia. As dimensións estratéxicas dos procesos electorais. O márketing como parte da democracia. As campañas contan.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

<b>TRABALLO PRESENCIAL NA AULA</b>	<b>HORAS</b>	<b>TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO</b>	<b>HORAS</b>
Clases de pizarra	25	Estudo individual do alumno	45
Seminarios	5	Preparación de traballos e exposicións en grupo	15
Traballo Tutelados	5	Realización de traballos individuais	15
Titorías	2,5	Outras tarefas	
<b>TOTAL</b>	<b>37,5</b>		<b>75</b>

Nesta materia combinaránse as leccións maxistras coa realización de seminarios e debates sobre contidos básicos da materia. Valorarase ademais a realización de clases prácticas nas que se lle plantexará aos alumnos un caso práctico que terán que solucionar. Por último o traballo cotinuado na aula que o profesor recollerá periódicamente terá un especial valor.

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓNS DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

O sistema de avaliación desta materia será o seguinte:

1) Os estudantes teñen dereito a un exame final dos contidos explicados polo profesor e que se axustan, estrictamente, ao programa arriba mencionado e ás

lecturas recomendadas.

2) Ademais, os estudantes que asisten regularmente á clase entregan periodicamente os traballos que se realizan na aula, así como traballos específicos que se propoñen durante o curso. Ao finalizar o curso, o profesor valora este traballo cunha cualificación que o estudante pode aceptar como definitiva ou presentarse ao exame final.

3) Ao longo do curso, o profesor recolle arredor de dez-doce traballos dos estudantes sen avisar con anterioridade e segundo a materia que debe ser regularmente traballada. Ao final do primeiro cuadrimestre faise unha valoración de seguimento sobre o traballo de cadaquén.

**DENOMINACIÓN DA MATERIA:** Políticas Públicas Sectorias

**CRÉDITOS:** 4,5

**COMPETENCIAS QUE ADQUIRE O ESTUDANTE CON DITA MATERIA:**

Proporcionar ó alumno as ferramentas e elementos esenciais para a análise e definición dos principais problemas públicos, a toma de decisións e o deseño de políticas públicas, a súa implementación e a avaliación dos resultados. Proporcionar ó estudante unha visión xeral dos distintos marcos teóricos e a metodoloxía de investigación dominantes. Comprender os elementos centrais de funcionamento das políticas públicas sectoriais máis estables. Promover a análise crítica no coñecemento dos marcos teóricos e metodolóxicos dende onde se elaboran as políticas públicas. Desenvolver a capacidade de traballo individual, aprendendo a analizar información, identificar as ideas máis importantes e expresalas sintéticamente de forma oral e escrita. Desenvolver a capacidade de traballo en equipo,

**BREVE DESCRIPCIÓN DOS SEUS CONTIDOS:**

Definición de problemas públicos: actores e problemas: redes de actores e comunidades de políticas

O proceso da decisión nas diferentes políticas sectorias

O deseño de políticas públicas sectoriais

A implementación das políticas

A avaliación das políticas

Políticas sectoriais

**ACTIVIDADES FORMATIVAS CO SEU CONTIDO EN CRÉDITOS ECTS, A SÚA METODOLOXÍA DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE:**

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	HORAS	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	HORAS
Clases de pizarra	25	Estudo individual do alumno	45
Seminarios	5	Preparación de traballos e exposicións en grupo	15
Traballo Tutelados	5	Realización de traballos individuais	15
Titorías	2,5	Outras tarefas	
TOTAL	37,5		75

Clases presenciais combinando a explicación maxistral coa lectura comentada por parte dos alumnos/as de textos referenciados e casos prácticos.

Realización de traballos titorados polo profesor, preferentemente en grupos reducidos, sobre unha políticas sectorial. Os alumnos disporán das horas de titorías para consultar dúbidas e realizarán unha exposición final do seus traballo diante dos compañeiros. Así mesmo fixaranse citas de titorías a fin de que o profesor poda realizar unha avaliación continuada de desenvolvemento dos traballos.

**SISTEMA DE AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS E SISTEMA DE CALIFICACIÓN DACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE:**

